



XUNTA
DE GALICIA

PROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2026

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE



ÍNDICE

1. Introducción	Páx. 3
2. Acrónimos, abreviaturas e definicións	Páx. 4
2.1. Acrónimos e abreviaturas	Páx. 4
2.2. Definicións	Páx. 5
3. Ámbito de aplicación e normativa aplicable	Páx. 7
3.1. Ámbito de aplicación	Páx. 7
3.2. Normativa aplicable	Páx. 8
4. Aprobación, revisión e publicidade	Páx. 10
5. Medios e recursos dispoñibles	Páx. 11
5.1. Persoal inspector ambiental	Páx. 11
5.2. Participación e colaboración	Páx. 12
6. Obxectivos do programa	Páx. 14
6.1. Obxectivo xeral	Páx. 14
6.2. Obxectivos específicos	Páx. 14
7. Tipos de inspección	Páx. 15
8. Programa de inspección ambiental 2026	Páx. 16
8.1. Inspeccións a realizar pola Inspección Ambiental	Páx. 17
8.2. Inspeccións a realizar pola UPA	Páx. 24
8.3. Subprograma transversal de xestión da calidade da Inspección Ambiental	Páx. 26
9. Seguimento e Avaliación: memoria e indicadores	Páx. 28
9.1. Seguimento	Páx. 28
9.2. Memoria	Páx. 28
9.3. Indicadores ambientais	Páx. 28

1. INTRODUCCIÓN


O Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de Inspección Ambiental de Galicia desenvolve o réxime xurídico da Inspección Ambiental en Galicia e recolle un contido mínimo dos plans e programas de inspección ambiental.

Este Decreto establece que, baseándose no Plan de Inspección Ambiental, a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental elaborará anualmente un programa de inspección ambiental que inclúa a frecuencia das visitas de inspección aos distintos tipos de instalacións e actividades cubertas polo devandito plan.

No ano 2024 elaborouse o terceiro plan, o Plan de Inspección Ambiental 2025-2030. A estrutura desde novo plan adáptase ao Decreto de Inspección Ambiental e axústase á planificación estratéxica desenvolta pola Xunta de Galicia en materia medioambiental. Este plan constitúe o instrumento principal á hora de desenvolver as inspección e control ambiental que debe realizar a consellería.

O presente programa ten por obxecto concretar as actuacións de inspección ambiental que se desenvolverán no ano 2026 para dar cumprimento a este Plan.

O Programa, de acordo co Plan de Inspección 2025-2030, estrutúrase nos seguintes subprogramas específicos, segundo a tipoloxía das instalacións ou actividades inspeccionadas ou o alcance:



Neste documento concrétese o contido e número de inspeccións e actuacións a realizar en cada un dos subprogramas específicos. A súa execución realizarase coa colaboración da Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA).



2. ACRÓNIMOS, ABREVIATURAS E DEFINICIÓNS

2.1. ACRÓNIMOS E ABREVIATURAS

AAI:	Autorización Ambiental Integrada
APCA:	Actividade potencialmente contaminadora da atmosfera recollida no Real Decreto 100/2011, do 28 de xaneiro
AXEGA:	Axencia Galega de Emerxencias
DEI:	Directiva de Emisións Industriais
GFO:	Garantía Financeira Obrigatoria derivada da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental.
IGAMAOT:	Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território, da República de Portugal.
IMPEL:	Rede da Unión Europea para a Aplicación e Cumprimento do Dereito Ambiental (<i>Implementation and Enforcement of Environmental Law</i>)
IPPC:	Prevención e control integrados da contaminación
IRAM:	Método Integrado de Avaliación de Risco
ISO:	Normas técnicas internacionais da Organización Internacional de Normalización (<i>International Organization for Standardization</i>)
LMAG:	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
MTDs:	Mellores Técnicas Dispoñibles
PRTR:	Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes
RAEEs:	Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
RCDs:	Residuos de construción e demolición
REACH:	Regulamento (CE) No 1907/2006 sobre rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias e preparados químicos.
REDIA:	Rede de Inspección Ambiental de España
RD:	Real Decreto
RDL:	Real Decreto Lexislativo
RP:	Residuo perigosos
SEPRONA:	Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil

SXC:	Sistema de Xestión da Calidade
SXMA:	Sistema de Xestión Medioambiental
UE:	Unión Europea
UNE-EN:	Normas españolas creadas nos Comités Técnicos de Normalización
UPA:	Unidade da Policía Autonómica de Galicia
VFU:	Vehículos fóra de vida útil

2.2. DEFINICIÓNS

Autorización Ambiental Integrada	Resolución escrita do órgano competente da comunidade autónoma na que se localice a instalación, polo que se permite, aos efectos da protección do medio ambiente e da saúde das persoas, explotar a totalidade ou parte dunha instalación, baixo determinadas condicións destinadas a garantir que cumpre o obxecto e disposicións do RDL 1/2016 e o RD 815/2013 de IPPC. En Galicia outórgase por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
CAMGAL	Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental de Galicia.
Campaña de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as distintas actuacións incluídas dentro dun mesmo subprograma de inspección ambiental. Distínguese polo carácter flexible da súa duración e a especificidade en canto aos aspectos ambientais que se consideraran ou ao tipo de actividade ou instalación que se inspecciona.
Desviación ambiental	Todo incumprimento dos condicionantes da autorización ambiental (incluídos os referentes á normativa ambiental que lle sexa de aplicación dentro da propia autorización) ou situación que aínda non incumprindo os condicionantes pode supoñer un risco ambiental.
Emisión	A expulsión á atmosfera, á auga ou ao solo de sustancias, vibracións, calor ou ruído procedentes de forma directa ou indirecta de fontes puntuais ou difusas da instalación.
eSIR	Plataforma electrónica de xestión de residuos do Ministerio con competencias en medio ambiente (https://servicio.mapama.gob.es/esir-web-adv/).
GAIA	Plataforma Galega de información ambiental (https://gaia.xunta.es). Futuro portal único de acceso a todas as aplicacións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.



Informe de inspección IPPC	Informe realizado polo persoal inspector tras realizar unha inspección de verificación ambiental no que se incluírán as conclusións relativas ao cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada pola instalación, así como respecto a calquera ulterior actuación necesaria.
Inspección ambiental	Toda acción levada a cabo pola autoridade competente ou no nome desta co obxecto de comprobar, fomentar e asegurar a adecuación das instalacións e actividades susceptibles de afectar negativamente o ambiente ás condicións contidas nos instrumentos preventivos ambientais ou nas normas ambientais, e controlar, se for o caso, a súa repercusión ambiental.
Mellores Técnicas Dispoñibles	A fase máis eficaz e avanzada de desenvolvemento das actividades e das súas modalidades de explotación, que demostren a capacidade práctica de determinadas técnicas para constituír a base dos valores límite de emisión e outras condicións da autorización destinadas a evitar ou, cando isto non sexa posible, reducir as emisións e o impacto no conxunto do medio ambiente e a saúde das persoas.
Persoal inspector ambiental	Persoal funcionario autonómico acreditado pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar inspeccións ambientais.
Plan de inspección ambiental	Conxunto de obxectivos e actuacións definidas pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable.
Programa de inspección ambiental	Documento executivo de vixencia anual que recolle toda a información precisa para realizar as inspeccións ambientais que nel se inclúen e priorizan, así como a previsión dos recursos necesarios para a súa execución.
Residuo	Calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar, de acordo coa lexislación básica.
Sistema de inspección ambiental	Conxunto suficiente e axeitado de medios persoais e materiais dependentes da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar con eficacia os labores de control e inspección ambiental, así como do exercicio da potestade sancionadora para garantir un axeitado nivel de comprobación do cumprimento ambiental.
Subprograma de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as actuacións contidas no programa de inspección ambiental. Distínguese pola súa permanencia ao longo do tempo, polo carácter xeral do seu contido e porque pode incluír unha ou varias campañas de inspección.
Valores límite de emisión	A masa ou a enerxía expresada en relación con determinados parámetros específicos, a concentración ou o nivel dunha emisión, onde o valor non debe superarse dentro dun ou varios períodos determinados.
Verificación ambiental	Inspección ambiental programada de avaliación do cumprimento da AAI dunha instalación sometida á normativa IPPC.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE

3.1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Segundo o Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, a inspección ambiental exercerá as súas funcións respecto ás instalacións e ás actividades de calquera tipo que sexan susceptibles de afectar negativamente o ambiente e que se atopen ou desenvolvan no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este é o ámbito de aplicación do Programa de Inspección Ambiental.

3.1.1. Ámbito territorial

A área xeográfica á que se aplicará o presente Programa de Inspección Ambiental é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.1.2. Ámbito material

Este programa é de aplicación ás instalacións con autorizacións, licenzas, permisos e demais requisitos esixidos na normativa de carácter ambiental sobre cuxa aplicación ten competencia a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

En concreto, as inspeccións poderán abarcar os seguintes aspectos:

Auga	A inspección límtase á comprobación da xestión das augas residuais xeradas no interior das instalacións e os seus recintos, verificando a súa vez o cumprimento dos límites establecidos na autorización, de xeito coordinado cos órganos de cunca.
Aire	Control e inspección das condicións de autorización das emisións das actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.
Residuos	• Control e inspección sobre a produción e xestión de residuos perigosos e non perigosos. • Control de traslados transfronteirizos de residuos dentro da competencia da comunidade autónoma.
Protección da calidade do solo	Control e Inspección sobre actividades potencialmente contaminadoras do solo.
Ruídos e vibracións	Exclusivamente asociado a actividade industrial.

Autorización Ambiental Integrada (AAI)	Inspección de actividades sometidas ao ámbito de aplicación do Real Decreto 815/2003, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
Avaliación de impacto ambiental	Control de actividades sometidas a avaliación de impacto ambiental cando sexa preciso en materia de fianzas ambientais.

3.1.3. Ámbito temporal

O ámbito temporal do Programa abarca o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2026 ata o 31 de decembro do 2026.

3.2. NORMATIVA APLICABLE

Todas as actuacións da inspección ambiental realizaranse dentro do marco normativo, recollido no Plan de Inspección 2025-2030. Ademais, na páxina web da consellería atópase toda a normativa ambiental actualizada, fundamentalmente nos vectores ambientais asociados ao traballo da inspección ambiental.

Enumérase a continuación a normativa mais relevante relacionada coa inspección ambiental:

Comunitario

- Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación).
- Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.
- Regulamento (UE) 2024/1157 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de abril de 2024 relativo aos traslados de residuos, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º 1257/2013 e (UE) 2020/1056, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1013/2006.
- Regulamento (CE) N.º 1013/2006 do parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xullo de 2006, sobre traslados de residuos.
- Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de abril de 2004 sobre responsabilidade medioambiental en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais.
- A Directiva (UE) 2024/1785 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de abril de 2024, pola que se modifican a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación) e a Directiva 1999/31/CE do Consello relativa á vertedura de residuos está pendente de transposición, con prazo ata o 1 de xullo de 2026.



Estatutal

- Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.
- Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.
- Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Autonómico

- Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.



4. APROBACIÓN, REVISIÓN E PUBLICIDADE

Os programas de inspección ambiental aprobaranse mediante resolución emitida pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental e vincularán ao persoal inspector ambiental.

Semestralmente poderán revisarse os programas de inspección ambiental en función dos traballos realizados. Nesta revisión terase en conta, entre outras cuestións, a evolución tanto dos distintos sectores afectados como da normativa aplicable.

O artigo 13 do Decreto de Inspección Ambiental relativo á publicidade, recolle a obriga de que os plans e os programas de inspección ambiental, así como a memoria anual, deberán poñerse á disposición do público, entre outros, por medios electrónicos.

O vixente Programa de Inspección Ambiental de Galicia atoparase accesible na páxina web da Inspección Ambiental de Galicia, tras a súa aprobación.


5. MEDIOS E RECURSOS DISPOÑIBLES

Na comunidade autónoma de Galicia, asígnaselle ao Servizo de Intervención Ambiental, dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, a función de "realización de actividades encamiñadas ao control do cumprimento da normativa ambiental", de acordo co artigo 12 do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Adicionalmente, inclúense aos Servizos de Calidade e Avaliación Ambiental dos Departamentos Territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na realización das inspeccións ambientais.

5.1.PERSOAL INSPECTOR AMBIENTAL

A Inspección Ambiental de Galicia conta con 5 xefaturas de servizo (unha en Santiago e unha en cada Departamento Territorial) 21 prazas de persoal funcionario con funcións de inspección ambiental das escalas de ciencias, enxeñaría e veterinaria repartidos entre as diferentes unidades xunto con persoal técnico e administrativo de apoio .

Na actualidade as prazas con funcións de inspección ambiental repártese entre os cinco servizos:



Dúas prazas no Servizo de Intervención Ambiental ten como principais funcións a coordinación da inspección ambiental e de mantemento do sistema de xestión da calidade.

Actualmente, debido a procesos de provisión de postos de traballo, hai varias prazas pendentes de cubrir por persoal inspector. Espérase que no primeiro trimestre de 2026 se resolva esta situación.

No ano 2026 prevese a realización dun curso para o novo persoal incorporado no último trimestre do 2025 debido aos diferentes procesos de provisión de postos de traballo.

5.2. PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN

Para a realización das inspeccións ambientais, ademais do persoal inspector propio, cóntase coa participación e colaboración dos seguintes organismos:

5.2.1. Participación do persoal da Unidade de Policía adscrita de Galicia (UPA)

A UPA realizará a súa actividade nunha dobre vertente:

- Investigación policial, fundamentalmente en denuncias ambientais.
- Inspeccións en subprogramas ambientais específicos.

Esta colaboración é especialmente importante dado que a UPA conta con subprogramas específicos dentro da planificación da Inspección Ambiental de Galicia e se comparten procedementos, listas de comprobación e a aplicación de inspeccións ambientais para facilitar a operativa e coordinación cotiá.

Os axentes da UPA están distribuídos en seis sedes en Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela.

As seis sedes están coordinadas coa inspección ambiental e todas as inspeccións levadas a cabo por calquera sede están incluídas na plataforma informática de inspección ambiental GAIAMA e-Inspeccions, polo que en todo momento pódese coñecer o resultado de calquera inspección realizada.

Realizaranse reunións de coordinación entre os responsables da inspección ambiental de Galicia e os responsables das sedes da UPA nas que se realiza o balance das inspeccións realizadas polos axentes e unha programación das novas inspeccións a levar a cabo.

5.2.2. Colaboración co Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG)

O LMAG está acreditado na norma de referencia UNE-EN ISO/IEC 17025:2017 para ensaios no sector ambiental, e realiza:

- análises de augas,
- apoio técnico e loxístico para a toma de mostras nas inspeccións ambientais,
- control de emisións á atmosfera e rexistro de emisións e de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.

5.2.3. Colaboración con Augas de Galicia

Esta colaboración inclúe o persoal do Plan de Control de Vertidos e doutras confederacións hidrográficas con competencia territorial en Galicia.

5.2.4. Colaboración coa Garda Civil

Existe unha canle de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Garda Civil a través da Delegación do Goberno en Galicia, que se iniciou a mediados do ano 2018, e que se reflicte nos seguintes tipos de actuacións:

- “Control de transporte por estrada de Residuos nas rutas transfronteirizas e rutas interiores”. No ano 2026 se continuará a colaboración no programa “Augias” da Garda Civil de Tráfico.
- Actuacións puntuais de inspección conxuntas e de apoio a investigacións ambientais.
- Está previsto incrementar os mecanismos de colaboración no ano 2026.

5.2.5. Colaboración con outros Departamentos da Xunta de Galicia

No ano 2026 tense previsto manter unha liña de colaboración coas seguintes consellerías:

- ◀ Medio Rural: no ámbito de actividades que precisan de autorizacións tanto de medio ambiente como de medio rural: aplicación das mellores técnicas dispoñibles (MTDs) en granxas sometidas á directiva de emisións industriais e produción e aplicación de fertilizantes elaborados a partir de residuos.
- ◀ Industria: instalacións potencialmente contaminadoras da atmosfera, en instalacións SEVESO (Directiva europea sobre accidentes graves) e plans de recuperacións mineiros no caso de emprego de residuos (ocos mineiros e tecnosolos).
- ◀ Sanidade: no ámbito de instalacións suxeitas ao regulamento REACH (Rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias e mesturas químicas).
- ◀ Consellería do Mar: no ámbito do plan CAMGAL (continxencias por contaminación mariña accidental).
- ◀ AXEGA e 112: colaboración nas inspeccións ambientais (unidade de drons) e protocolos de comunicación de incidencias e/ou emerxencias ambientais.

6. OBXECTIVOS

6.1. OBXECTIVOS XERAIS

O obxectivo deste programa é, seguindo o marco de actuación do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030, concretar as actuacións e as actividades obxecto de inspección para asegurar o cumprimento da normativa ambiental e dos requisitos impostos nas autorizacións ambientais.

6.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Os obxectivos específicos agrúpanse en función dos programas.

6.2.1. Obxectivos específicos dos subprogramas de inspección ambiental


- ◀ Verificación do comportamento ambiental das actividades con AAI.
- ◀ Verificación da situación dos vertedoiros.
- ◀ Control de traslados de residuos.
- ◀ Verificación do comportamento ambiental e actividade de xestores de residuos.
- ◀ Avaliación inicial dos criterios de impacto (IC) do IRAM de xestores de residuos.
- ◀ Inspeccións a outras actividades como produtores de residuos ou devolucións de aval.

6.2.2. Obxectivos específicos do subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental

- ◀ Mantemento da certificación UNE-EN-ISO 9001:2015 da Inspección Ambiental de Galicia.
- ◀ Revisión e actualización dos procedementos técnicos e demais información documentada do Sistema de Xestión da Calidade.
- ◀ Mellora dos sistemas de información e telematización na aplicación GAIA-eInspeccions.
- ◀ Potenciación de actuacións de coordinación e formación da Inspección Ambiental.
- ◀ Fomento da coordinación con distintos departamentos da administración.
- ◀ Participación en proxectos de inspección nacional (REDIA) e da UE (IMPEL).

7. TIPOS DE INSPECCIÓN

De acordo co indicado no Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, as inspeccións poden clasificarse:



As inspeccións programadas son aquelas realizadas como parte dun programa de inspección previsto.

As inspeccións non programadas son aquelas inspeccións que, formando parte dun programa de inspección ambiental, a súa determinación realízase de xeito estimativo baseándose na experiencia doutros anos.

As inspeccións non programadas , dependendo do momento en que se realiza, clasifícanse:

Inspección preceptiva	Previas ao outorgamento dunha autorización
Inspección de oficio	Durante o funcionamento dunha autorización ou solicitadas pola Administración cando ten coñecemento polos seus propios medios da existencia de feitos que poden ser constitutivos de ameaza inminente de dano medioambiental, posible delito ambiental ou infracción administrativa, para os efectos de constatar a súa veracidade. Inclúense as emerxencias ambientais.
Inspección reactiva	Inspección en virtude de denuncia, para comprobar a veracidade dos feitos denunciados e que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa.
Inspección de seguimento	Inspección para comprobar a corrección de desviacións atopadas nunha inspección inicial das anteriormente indicadas.

No anexo III do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030 recóllese un esquema detallado dos tipos de inspección enmarcados dentro dos plans específicos deste plan e correlacionados co vector e sector ambiental.



8. PROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2026

Con este programa de traballo preténdese alcanzar os resultados previstos no Plan de Inspección Ambiental 2025-2030 e realizárase coa colaboración da Policía Autonómica de Galicia.

O Programa, de acordo co plan, desagregase nos seguintes subprogramas:

Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC	Realizarase pola Inspección Ambiental inspeccións para comprobar o cumprimento da AAI.
Subprograma de inspección ambiental de traslados de residuos	Realizarase control en estradas en colaboración coa Garda Civil, coa Inspección de Portugal (IGAMAOT) e coa Garda Nacional Republicana (GNR), así como inspeccións a operadores pola Inspección Ambiental.
Subprograma de inspección ambiental de xestores de residuos	Realizarase inspeccións a xestores para comprobar a actividade e o cumprimento das autorizacións por parte da Inspección Ambiental.
Subprograma de inspección ambiental de vertedoiros	Realizarase inspeccións aos vertedoiros por parte da Inspección Ambiental. Realizarase inspeccións a puntos de vertidos incontrolados de residuos por parte da UPA.
Subprograma de inspección ambiental de outras actividades	Realizarase inspección a produtores de residuos, como talleres, por parte da UPA.
Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental	Subprograma realizado polo Servizo de Intervención Ambiental para potenciar a eficiencia, formación e telematización do traballo da inspección.

A continuación se describen as inspeccións a realizar pola Inspección Ambiental e pola UPA, así como se detalla as actuacións a realizar no subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental.

8.1. INSPECCIÓN A REALIZAR POLA INSPECCIÓN AMBIENTAL

Os inspectores ambientais da Xunta de Galicia serán os responsables de levar a cabo as inspeccións que requiren un maior nivel de coñecementos técnicos.

A seguinte táboa recolle os obxectivos das inspeccións a realizar polo persoal inspector ambiental:

PROGRAMA INSPECCIÓN AMBIENTAL (Persoal inspector ambiental)			
Subprograma	Tipo	Obxecto e alcance	Valor obxectivo
Instalacións IPPC	Programadas (verificación ambiental)	Inspeccións de comprobación do cumprimento da AAI	110
	Non programadas	Obxecto indicado na solicitude	30
Traslados de residuos	Programadas	Transfronteirizos: - Estradas pretas a fronteiras - Operadores	19
		Interior de Galicia: - Estradas interior de Galicia	
	Non programadas	Colaboración co Ministerio con competencias en medio ambiente	1

Xestores de residuos	Programadas	Residuos perigosos: comprobar actividade, instalacións e o cumprimento da autorización	20
		Residuos non perigosos: comprobar actividade, instalacións e o cumprimento da autorización	
	Non programadas	Obxecto indicado na solicitude	70
Vertedoiros	Programadas	Vertedoiros IPPC: cumprimento do RD de vertedoiros	5
		Vertedoiros non IPPC: cumprimento do RD de vertedoiros	2
	Non programadas	Obxecto indicado na solicitude	20
Outras actividades	Programadas	Neste subprograma non se contempla realizar inspeccións programadas	-
	Non programadas	Obxecto indicado na solicitude	20

A continuación detállase cada subprograma.

8.1.1. Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC

Este subprograma é de aplicación ás instalacións con Autorización Ambiental Integrada (AAI).

No rexistro de AAI, a data 19 de decembro de 2025, constan 293 autorizacións.

Coa experiencia de todos estes anos, estímase que cada ano realizaranse unha cantidade importante de inspeccións non programadas preceptivas, previas á autorización ou ampliación da autorización outorgada.

O contido deste subprograma resúmese na seguinte táboa:

SUBPROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE INSTALACIÓNS IPPC		
Tipo	Obxecto e alcance	Valor obxectivo /estimado
PROGRAMADAS	Inspeccións de comprobación do cumprimento da AAI. O IRAM das instalacións obxecto de inspección: - Anual: 12 instalacións - Bienal: 18 instalacións - Trienal: 80 instalacións	110
NON PROGRAMADAS	De oficio por emerxencia ou incidencia ambiental	30
	De oficio por solicitude por parte da administración	
	Preceptivas: previas a autorización	
	Reactivas: por denuncia, derivadas de procesos xudiciais, solicitude do Valedor do Pobo ou Defensor ou UE	
	De seguimento	

Como un obxectivo da xestión de calidade, en aras dunha mellor eficiencia no traballo da inspección ambiental e do órgano autorizante, preténdese mellorar a coordinación entre ambos e poder compatibilizar, se é posible, en cada anualidade a inspección programada coa inspección preceptiva.

Para fomentar o enfoque preventivo na acción de inspección ambiental, o protocolo de verificación das actividades IPPC incorporará a realización dun informe provisional no que se incorporarán as desviacións detectadas e, no seu caso, as accións a desenvolver para

corrixir as mesmas. Do resultado das alegacións ou achegas das empresas redactarase o informe definitivo, consonte a normativa vixente.

De acordo co indicado no RD 815/2013, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicaranse os informes resultantes das inspeccións a actividades con AAI, en base o establecido no Anexo IV do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030.

8.1.2. Subprograma de inspección ambiental de traslados de residuos

O obxecto deste subprograma é vixiar e controlar o traslado transfronteirizo de residuos e o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa ambiental así como detectar traslados contrarios a normativa aplicable.

Este plan específico ademais das inspeccións de control de traslados de residuos transfronteirizos, engloba as inspeccións de control de traslados de residuos no interior da comunidade autónoma de Galicia.

Os controis de traslados de residuos nas fronteiras Galicia-Portugal realízanse coa colaboración da Garda Civil e coordinarase coa inspección ambiental de Portugal.

En Galicia, realízanse tamén, en colaboración coa Garda Civil, inspeccións de traslado de residuos no interior da Comunidade Autónoma. Para o control dos traslados de residuos dentro da comunidade séguese o RD 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

Neste programa realizarase as inspeccións que incluírán:

SUBPROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE TRASLADOS DE RESIDUOS		
Tipo	Obxecto e alcance	Valor obxectivo /estimado
PROGRAMADAS	Transfronteirizos: estradas pretas a fronteiras.	2
	Transfronteirizos: operadores.	15
	Estradas polo interior da comunidade autónoma	2
NON PROGRAMADAS	Colaboración co Ministerio con competencias en medio ambiente	1

8.1.3. Subprograma de inspección ambiental de xestores de residuos

O obxectivo deste programa específico, de acordo cun índice de risco ambiental, é realizar inspeccións a estas instalacións de valorización e/ou almacenamento, para comprobar a situación actual e que cumpre a normativa ambiental.

Para esta programación realizarase a valoración inicial dos criterios de impacto do IRAM de xestores de residuos.

Coa experiencia de todos estes anos, estímase que cada ano realizaranse unha cantidade importante de inspeccións non programadas preceptivas, previas á autorización ou ampliación da autorización outorgada.

SUBPROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE XESTORES DE RESIDUOS		
Tipo	Obxecto e alcance	Valor obxectivo /estimado
PROGRAMADAS	Residuos perigosos: comprobar actividade, instalacións e o cumprimento da autorización	20
	Residuos non perigosos: comprobar actividade, instalacións e o cumprimento da autorización	
NON PROGRAMADAS	De oficio por emerxencia ou incidencia ambiental	70
	De oficio por solicitude por parte da administración	
	Preceptivas: previas a autorización	
	Reactivas: por denuncia, derivadas de procesos xudiciais, solicitude do Valedor do Pobo ou Defensor ou UE	
	De seguimento	

8.1.4. Subprograma de inspección ambiental de vertedoiros

O Programa de Inspección Ambiental de vertedoiros ten como obxectivo o control ambiental destas instalacións de conformidade coa Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e en aplicación do Real decreto 646/2020, de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro. Este programa é de aplicación a tódolos vertedoiros da comunidade autónoma, estean sometidos a AAI como á autorización sectorial de residuos. E con independencia da situación administrativa da súa autorización ambiental.

De acordo co Anexo VII do Real Decreto 646/2020 (Alcance das inspeccións), durante a fase de explotación dun vertedoiro, así como durante o período de vixilancia postclausura do mesmo, comprobarase o cumprimento das condicións da autorización e o correcto funcionamento dos vertedoiros de acordo co sinalado no artigo 17, cunha periodicidade mínima trienal.

Os obxectivos de inspección asociados a este subprograma recóllense na seguinte táboa:

SUBPROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE VERTEDOIRO		
Tipo	Obxecto e alcance	Valor obxectivo /estimado
PROGRAMADAS	Vertedoiros IPPC: cumprimento do RD de vertedoiros	5
	Vertedoiros non IPPC: cumprimento do RD de vertedoiros	2
NON PROGRAMADAS	De oficio por emerxencia ou incidencia ambiental	20
	De oficio por solicitude por parte da administración	
	Preceptivas: previas a autorización	
	Reactivas: por denuncia, derivadas de procesos xudiciais, solicitude do Valedor do Pobo ou Defensor ou UE	
	De seguimento	



8.1.5. Subprograma de inspección ambiental de outras Actividades

Este programa abarca aquelas inspeccións que non estarían englobadas nos programas específicos anteriores.

Dentro deste subprograma contéplase a realización de inspeccións non programadas a actividades non IPPC non incluídas nos programas específicos anteriores derivadas de:

SUBPROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL DE OUTRAS ACTIVIDADES		
Tipo	Obxecto e alcance	Valor obxectivo /estimado
PROGRAMADAS	Non se contempla a realización de inspeccións programadas en 2026	0
NON PROGRAMADAS	De oficio por emerxencia ou incidencia ambiental	20
	De oficio por solicitude por parte da administración	
	Preceptivas: previas a autorización	
	Reactivas: Por denuncia, derivadas de procesos xudiciais, solicitude do Valedor do Pobo ou Defensor ou UE	
	De seguimento	

8.2.- INSPECCIÓN A REALIZAR POLA UPA

Os axentes da Unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), do mesmo xeito que a Inspección ambiental, realizarán inspeccións planificadas a diferentes sectores en materia de residuos (inspeccións comprendidas en subprogramas) e inspeccións non planificadas, a maioría por denuncias.

Para a facilitar a realización, a eficacia e axilidade destas inspeccións, elaborase unhas listas de comprobación resumo dos principais condicionantes ambientais recollidos na lexislación de aplicación, de tal forma que as actas faciliten unha información fácil de explotar electronicamente.

Nos subprogramas que realiza a UPA, antes do comezo das inspeccións, remitirase a documentación necesaria e un resumo co obxecto e aspectos a comprobar na inspección.

8.2.1. Inspeccións programadas

No ano 2026 tense previsto a realización das seguintes campañas:

INVESTIGACIÓN POLICIAL PROGRAMADA			
Subprograma	Campaña	Alcance e obxecto	Obxectivo
VERTEDOIRO	A.1. Puntos de vertido incontrolados de residuos	Identificación da natureza dos vertidos e comprobación da súa recuperación	300
OUTRAS ACTIVIDADES	A.6. Talleres de vehículos	Comprobación das condicións de almacenamento e xestión de residuos	10
TOTAL			310

Avaliarase para cada campaña a necesidade de levar a cabo unha sesión formativa (sesión teórica e práctica).

Debido a minoración de persoal, no ano 2026 non está previsto realizar campañas de xestión de residuos por parte da UPA.

A actividade da UPA poderá verse afectada ao longo do ano en función das restricións aplicadas ao ámbito xeográfico de cada sede por motivos de prioridades na seguridade cidadá e as campañas específicas.

8.2.2. Inspeccións non programadas

En base á experiencia de anos anteriores o número de inspeccións previstas que poderán realizar a UPA no ano 2025 resúmese na seguinte táboa:

INVESTIGACIÓN POLICIAL NON PROGRAMADA		
Tipo	Alcance e obxecto	Obxectivo
INVESTIGACIÓN POLICIAL REACTIVA	B.1. Denuncias ambientais	40
	B.2. Outras investigacións ambientais ou de incidente ambiental	25
	B.3. Expedientes medioambientais	5
TOTAL		70

8.3. SUBPROGRAMA TRANSVERSAL DE XESTIÓN DA CALIDADE DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

A Inspección Ambiental de Galicia ten como prioridade a promoción da calidade, o aseguramento da competencia técnica e a mellora continua dos seus procesos de traballo.

Para isto, a Inspección Ambiental de Galicia conta cun sistema de xestión de calidade (SXC), actualmente certificado baixo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 no que se xestionan e controlan os procesos asignados pola normativa e os documentos de traballo empregados na execución dos mesmos.

Dentro do SXC lévase a cabo a planificación e programación transversal, así como o establecemento dos obxectivos asociados e a fiscalización da súa execución a través dos Comités de Calidade e as reunións de seguimento do SXC, así como na Revisión pola Dirección.

O principal motivo da inclusión deste subprograma transversal é a necesidade de recoller o traballo realizado para a mellora continua dos procesos de inspección que permitan



adaptarse as novidades normativas e optimizar os recursos dispoñibles e a eficacia do esforzo.

A través do Subprograma transversal de xestión da calidade da Inspección Ambiental inclúense aspectos como:

Sistema de Xestión de Calidade	Mantemento da certificación UNE-EN ISO 9001:2015. Nomalización e actualización da información documentada da Inspección Ambiental: actualizar os procedementos internos de traballo e elaboración de novas listas de comprobación.
Mellorar e potenciar os sistemas de información	Coa adxudicación do novo contrato da plataforma Gaia, realizaranse novos desenvolvementos na mesma que permitirán o avance dos sistemas de información da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade. Estase previsto realizar reunións periódicas cos servizos da Dirección Xeral para unha coordinación e seguimento dos traballos deste novo contrato para potenciar a mellora e integración de novos módulos no Gaia. O carácter transversal da Inspección Ambiental de Galicia é moi relevante na execución deste desenvolvemento.
Plan de formación	Proposta de realización de dous cursos para a Inspección Ambiental a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP): - Curso de inspección ambiental
Coordinación con outros departamentos da administración	En base ao apartado 5.2 do presente documento. En referencia ao plan CAMGAL, vaise fomentar o grupo de traballo para a revisión do mesmo.
Participación nas redes de inspección ambiental a través de proxectos REDIA e IMPEL	Continuación coa participación, nas seguintes redes de inspectores ambientais: ◇ REDIA (España). Foros de intercambio de información sobre procedementos comúns: Se participará nos seguintes actuacións de REDIA: - 1 reunión plenaria anual



- Grupo de traballo: Harmonización das desviacións en inspeccións a instalacións con AAI.

◊IMPEL (UE). Foros de intercambio de información sobre procedementos comúns. Se participará nos seguintes actuacións:

- Grupo de traballo que se determinen

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN: MEMORIA E INDICADORES

9.1. SEGUIMIENTO

Dentro do Sistema de Xestión da Calidade da Inspección Ambiental de Galicia, realízase un seguimento trimestral da execución do programa anual de inspección, co obxecto de facer un balance do mesmo e, de ser necesario, establecer actuacións para conseguir os obxectivos fixados.

9.2. MEMORIA

No primeiro trimestre do ano 2027 elaborárase unha memoria en que se describan e se valoren as actuacións inspectoras realizadas e os seus resultados, así como o grao de cumprimento da planificación das inspeccións ambientais indicadas no programa anual.

Esta memoria da cumprimento ao establecido no artigo 12 do Decreto 7/2020 de Inspección Ambiental de Galicia.

9.3. INDICADORES AMBIENTAIS

Na elaboración deste programa, ademais dos principios e obxectivos, é necesario uns indicadores que faciliten información que sexa posible avaliar o grao de execución dos obxectivos e liñas e medidas a realizar.

De seguido recóllense as medidas propostas precisando para cada unha delas os obxectivos aos que contribúe e os indicadores de seguimento da súa execución.

Para avaliar o resultado do traballo realizado pola Inspección ambiental empregáranse dous tipos de indicadores:

➤ **Indicadores de actividade.** Proporciona información sobre o grao de execución do correspondente programa anual e a súa evolución temporal. Permiten revisar a eficacia e avaliar resultados do traballo da inspección ambiental.

➤ **Indicadores de resultados:** Proporcionan información de cumprimento da normativa ambiental.

Asociado a cada indicador hai un obxectivo para conseguir (valor numérico) e o grao de cumprimento (porcentaxe que indica a cociente entre o efectivamente realizado e o obxectivo para conseguir).

9.3.1. Indicadores de actividade

Estes indicadores poden ser xenéricos ou poden estar adscritos a un Programa específico e proporcionan o grao de execución do programa anual.

Indicador 1	Número de inspeccións anuais
Tipo de indicador	Xenérico
Medida	Execución do programa anual de inspección
Obxectivo	Cumprir o 90% do número de inspeccións totais indicadas no Programa anual.

Indicador 2	Grao de execución de inspeccións non programadas
Tipo de indicador	Xenérico
Medida	Realizar unha boa estimación das inspeccións non programadas anuais para cumprir a planificación. Para elo coordinarase cos servizos solicitantes para poder realizar previamente esta estimación.
Obxectivo	Cumprir o 100% do número de inspeccións non programadas

Indicador 3	Grao de execución dos catro Programas anuais específicos de inspección
Tipo de indicador	Subprogramas específicos de inspección ambiental
Medida	Execución dos subprogramas asociados aos plans específicos de inspección
Obxectivo	Realizar o 80% das inspeccións programadas en cada Plan específico de inspección ambiental.



Indicador 4	Actuacións de formación da inspección ambiental
Tipo de indicador	Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Realización de accións formativas para mellorar a calidade da inspección ambiental
Obxectivo	Realizar como mínimo un curso cada ano

Indicador 5	Actuacións de coordinación
Tipo de indicador	Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Realizar reunións co persoal da inspección ambiental e cos responsables da UPA para mellorar a coordinación.
Obxectivo	Realizar como mínimo dúas reunións cada ano

Indicador 6	Participación en REDIA e IMPEL
Tipo de indicador	Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Participación nas reunións de proxectos de REDIA e IMPEL para actualizar e homoxeneizar o traballo da inspección ambiental
Obxectivo	Participar no plenario de REDIA e nun proxecto

9.3.2. Indicadores de resultados

Estes indicadores refírense ao resultado das inspeccións en relación ao cumprimento da normativa ambiental.



Indicador 7	Grao de cumprimento das actividades con AAI
Tipo de indicador	Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC
Descrición	Avalía o resultado deste tipo de inspeccións, de acordo coa valoración do grao de cumprimento: Total, moi alto, alto, medio, baixo e moi baixo. Este indicador tamén se desglosará por sector da actividade a inspeccionar para avaliar cada sector por separado (agropecuario, alimentario, industrial e residuos).
Obxectivo	Conseguir que as instalacións melloren e obter un grao de cumprimento da AAI sen desviacións moi relevantes para o medio ambiente ou cun porcentaxe moi baixo delas. O obxectivo é que a porcentaxe das actividades co grao de cumprimento baixo e moi baixo sexa <20%

Indicador 8	Desviacións das inspeccións de actividades con AAI por vector ambiental
Tipo de indicador	Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC
Descrición	Avalía o resultado da inspección por vector ambiental de acordo cos condicionantes da AAI.
Obxectivo	O obxectivo é que o número de desviacións moi relevantes en cada un dos vectores ambientais sexa <10%

Indicador 9	Número de sancionadores iniciados
Tipo de indicador	Subprogramas específicos de inspección
Descrición	Avalía o grao de cumprimento da normativa ambiental das instalacións inspeccionadas. Desglosarase tamén por cada subprograma específico para avaliar cada subprograma.
Obxectivo	Reducir a porcentaxe dos sancionadores iniciados co respecto as inspeccións realizadas ao finalizar o plan.



Indicador 10	Número de desviacións corrixidas das actividades con AAI
Tipo de indicador	Subprograma específico de inspección de actividades IPPC
Descrición	Avalía a corrección das desviacións detectadas dende a acta de inspección ata o informe final de inspección IPPC.
Obxectivo	Comprobar a eficiencia da actividade da inspección ambiental nas instalacións IPPC. O obxectivo é conseguir que un 20% das desviacións sexan corrixidas entre a acta e o informe definitivo.